

## **PREGUNTAS FRECUENTES:**

### **1. Que é esta comunicación?**

É un documento que contén a relación dos xuros, comisións e gastos pagos por vostede, durante o exercicio 2018, relacionados cos contratos de financiamento que subscribiu coa nosa entidade en calidade de titular/cotitular/avalista.

### **2. Os importes que aparecen na comunicación, vounos ter que pagar?**

Non, vostede xa os aboou no 2018 e este documento é simplemente informativo.

### **3. Por que recibo esta comunicación?**

Porque vostede é titular, cotitular ou avalista do contrato ou contratos que se especifican na comunicación e de acordo co que establece a Circular 5/2012, do Banco de España, sobre transparencia dos servizos bancarios e responsabilidade na concesión de préstamos a súa entidade financeira debe enviar a cada cliente esta comunicación.

### **4. Cada canto tempo vou recibir esta comunicación?**

Esta comunicación é anual. Para a súa comodidade, se prefire recibir esta e outras comunicacións de forma electrónica lembre deixarnos o seu correo electrónico actualizado dentro da súa área privada de cliente.

### **5. Esta información ten carácter fiscal?**

Non, é só informativa.

### **6. Que é un avalista e en que se diferencia do titular/cotitular?**

Avalista: é a persoa que afianza solidariamente o financiamento coas mesmas responsabilidades que o titular/cotitular do contrato.

Titular/cotitular: é a persoa prestataria responsable do cumprimento das obrigacións derivadas do contrato.

### **7. Como se calcularon estes importes?**

Son a suma dos xuros, comisións e gastos aboados por vostede durante o exercicio 2018.

### **8. Que é a pena convencional?**

Son os gastos ocasionados pola devolución dun recibo (non inclúe o importe dos xuros de demora).

### **9. Que diferenza existe entre xuros e xuros de demora?**

Os xuros son os aplicados á operación financeira e os xuros de demora son os xerados desde a data do non pagamento dun recibo ata o aboamento deste, con carácter independente ao cobramento da pena convencional.

## **GLOSARIO DE TERMOS**

**Xuros:** remuneración que o consumidor paga á financeira por permitirlle adquirir hoxe un ben e pagalo mañá en varias cotas, normalmente mensuais. O importe dos xuros a pagar en cada cota calcúlase multiplicando a % de xuro mensual polo capital pendente de devolver ao inicio do mes.

**Xuros de demora:** importe que paga o cliente polo atraso no pagamento das cotas establecidas contractualmente. Este importe calcúlase desde a data de non pagamento dun recibo ata a data de aboamento do mesmo sobre a cantidade non pagada.

**Comisión de apertura:** cantidade que cobra CaixaBank Consumer Finance por avaliar a capacidade de pagamento dun cliente e verificar a veracidade da información proporcionada por este no momento da concesión do crédito.

**Comisión de apertura financiada:** comisión de apertura anteriormente descrita cuxo importe paga CaixaBank Consumer Finance ao inicio da operación e que o cliente lle devolve xunto coas cotas do crédito.

**Comisión de amortización:** contraprestación que paga o cliente pola xestión que realiza CaixaBank Consumer Finance para cancelar total ou parcialmente o crédito de forma anticipada ao establecido contractualmente.

**Pena convencional:** custo que paga o cliente pola xestión de reclamación do recibo non pago que realiza CaixaBank Consumer Finance.

**Comisión de disposición de efectivo:** remuneración que paga o cliente pola xestión que realiza CaixaBank Consumer Finance para proporcionarlle efectivo en metálico nos caixeiros automáticos ou ingresalo na súa conta bancaria.